

## PEQUENOS SAMONENSES

Samos é un concello da comarca de Sarria, cunha superficie de 136,77km<sup>2</sup> e 1.202 habitantes. Está dividido en vinte e catro parroquias, que son: Castroncán, Estraxiz, Formigueiros, Freixo, Frollais, Gundriz, Loureiro, Lousada, Montán, Pascais, Reiriz, Renche, Romelle, Samos, San Cristovo de Lóuzara, San Cristovo do Real, San Mamede do Couto, San Martiño do Real, San Xil de Carballo, San Xoán de Lóuzara, Santalla, Suñide, Teibilide, Zoo.

A orografía é rica en matices. As increíbles e magnificas serras, contrastan os profundos vales cos seus montes, pradarias e rede fluvial. O clima presenta grandes contrastes con veráns suaves e invernos fríos, húmidos e con neve nas cotas altas.

A vexetación que domina é de tipo atlántico de interior e a súa gran diversidade convérteo nun escenario inigualable para os amantes da natureza. As árbores máis destacadas son os carballos, os castiñeiros, os bidueiros, os acivros, os sabugueiros e os piñeiros. Ademais hai que resaltar a presenza dun ciprés milenario, considerado unha das árbores monumentais de Galicia. Atópase situado xunto á chamada Capela do Ciprés, unha pequena ermida do século IX.

A fauna é moi variada, destacando nos ecosistemas fluviais as troitas, as anguías, as ras e as pínegas. As aves mis relevantes son a perdiz a pomba, a garza, a cegoña, a curuxa e o aguia. Os mamíferos son abundantes e destacan a londra, o esquío, a lebre, o teixo, a xineta, o zorro, o porco bravo, o corzo e o lobo.

Toda a historia de Samos está ligada ao mosteiro. Incluso o nome primitivo, “Samanos”, que segundo o Padre Sarmiento significa “comunidade relixiosa”. O mosteiro ten a súa orixe no século VI, coa chegada dos monxes. No ano 714, coa chegada dos árabes a Lugo, queda abandonado, aínda que por pouco tempo. No século XV os Reis Católicos implantan unha reforma nos mosteiros que impulsou a economía e a formación monacal, vivindo unha época de intensa actividade nos séculos XVII e XVIII. Durante a ocupación francesa no século XIX, foi hospital de guerra, iniciándose unha etapa na que o edificio comeza a deteriorarse. Non será ata o ano 1880 cando o mosteiro inicie o rexurdimento, coa chegada de nove monxes que traballarán na restauración.

A nivel arquitectónico, ofrece un fermoso contraste entre os seus rudos e sinxelos muros exteriores cos fermosos e elegantes claustros en granito. Amosa unha mestura de estilos, produto de progresivas ampliacións e reformas. Por iso, entre os seus muros atópanse expresións artísticas románicas, góticas, renacentistas e barrocas. O seu valor artístico fai que sexa dos que máis tempo leva declarado en Galicia como Ben de Interese Cultural (BIC).

Tamén hai que destacar a creación do novo museo monástico chamado “Samanos”. Outra novidade é a recuperación da botica na que hai quince séculos de traxectoria de plantas medicinais e medicinas.

Trátase dun concello rural cuxos habitantes se dedican, maioritariamente á agricultura e á gandaría. Ademais o sector hosteleiro ten unha gran importancia debido a que Samos é un punto chave no Camiño de Santiago Francés. Son moitos os peregrinos e peregrinas que pasan ano a ano polo noso concello, contemplando o impresionante Mosteiro que o preside. Porén, os “Pequenos Samonenses” queren dar a coñecer o enorme patrimonio cultural e natural que temos, á marxe do Camiño de Santiago e do Mosteiro de Samos.

- **Castro de Formigueiros.** Este antigo poboado foi datado polos historiadores na Idade de Ferro (séculos III e II a.C), aínda que din que foi ocupado posteriormente polos romanos (século I). A súa maior peculiaridade é a edificación fortificada, que servía como sistema defensivo con potentes murallas, circundadas por un labiríntico sistema de foxos e parapetos.

Leváronse a cabo diversos estudos e escavacións, nas que se puideron destapar os muros das antigas vivendas (que corresponden a tres ocupacións distintas), así como materiais cerámicos da época romana e outros peculiares gravados. Toda esta riqueza cultural mantívose oculta baixo terra durante séculos. De feito os nosos antepasados recordan realizar as tarefas do campo, coma o pastoreo ou a recollida do pan, nas terras deste castro, cando ninguén se preocupaba polos estragos que se puideron ocasionar.

- **Capela do Ciprés.** Tamén coñecida como capela do Salvador, atópase a uns cen metros do mosteiro e posiblemente se tratara dunha celda monástica. A súa construción data de fins do século IX e principios do século X, de aí que responda ao estilo mozárabe.

Case adosado á Capela atópase un gran ciprés milenario de 25 metros de altura e duns 3,25 metros de perímetro. Está considerado unha das 50 árbores máis notables de España. Ten un parche negro debido a unha ferida ocasionada por un lóstrego. Porén, circula unha lenda que di que a ferida foi ocasionada en 1926 ao prenderlle lume a un panal de abellas que, por causas obvias, se quería eliminar da árbore. O parche cumpre a dobre función de protección e de axuda á rexeneración natural da árbore.

- **Igrexa de San Xil de Carballo.** Os escasos elementos románticos conservados non facilitan a tarefa de datar a construción desta igrexa. A normalidade dos seus compoñentes dentro das pautas usuais do estilo permite, non obstante, situala nunha data avanzada do século XII.

Levántase na parte baixa do caserío de San Xil, xunto a unha fonte e un espazo de descanso para veciños e peregrinos. A planta é de única nave e cabeceiras rectangulares. Esta obra viuse alterada na súa anchura e engadiuse a sancristía ao este. Tamén sufriu modificacións nos alzados, como consecuencia do levantamento da cuberta da cabeceira.

- **Igrexa de San Martiño de Lousada.** É de orixe románico, de volume sinxelo e ornamentación austera. Ten unha nave principal rectangular á que se arrima unha nave lateral ao norte. No interior hai unha pila bautismal de granito, así como restos de pinturas murais de carácter popular nos arcos.

Esta igrexa que para algúns historiadores é unha das primeiras mostras do Románico na provincia de Lugo, estivo cerrada dende o ano 1959 polo seu estado de deterioro. Esta situación foise acrecentando co paso dos anos, ata o punto de que tivo que ser apuntalada e incluso medraban árbores no seu interior. Foi restaurada no ano 2021, data dende a que volve estar en uso.

- **Igrexa de Santo Estevo de Reiriz.** Igrexa románica do século XII, formada por unha única nave e unha cuberta a dúas augas. Posúe unha porta con dobre arco de medio punto. Dentro dela destaca o retablo de estilo barroco.

- **Capela de San Román de Lousada.** Recuperou todo o seu rústico encanto primitivo no ano 1990, ano no que foi restaurada. Este pequeno templo rural, erixido varios séculos despois dunha primitiva igrexa visigótico-mozárabe de antes do ano mil, é a máis suxestiva xoia do románico samonense.

Os extraordinarios canzoros de granito, de maior tamaño e proporción que os comúns, son o máis valorado artisticamente. Tamén é importante a pía bautismal, de gran tamaño e anterior ao ano mil.

- **Serra do Oribio.** Esténdese polos concellos de Samos e Triacastela. Na vertente oeste nace o río Oribio e na este o río Lóuzara. O punto de maior altitude é o Oribio, con 1.447 metros. Nas ladeiras norte encontramos carballos, castaños, acivros, faias e pinos. No resto do terreo hai toxos, xestas e pastos. Entre a súa fauna destacan as aguias, as londras, os esquiós, as lebres, os zorros, os xabarís, os corzos e os lobos.

Nesta serra hai numerosas rutas de sendeirismo nas que se poden observar xacementos megalíticos e da idade de ferro, destacando o Castro de Formigueiros. Ademais está atravesada polo antigo “Camiño do Oribio”, de orixe prerromano e que en época romana foi un dos principais accesos para chegar a Lugo. Actualmente é un dos principais camiños de peregrinación a Santiago. O 15 de setembro de 2021 foi integrada na Rede mundial de reservas da biosfera.

- **Río Oribio.** Tamén chamado río Sarria, é un afluente do río Neira e á súa vez, do río Miño. Ten unha lonxitude de 57 km, discorrendo polos concellos de Triacastela, Samos, Sarria (onde pasa a chamarse río Sarria), Páramo e Lán cara. Neste último, únese ao río Neira. Entre a súa fauna destacan as troitas, as anguías, as pínegas, as ras e os sapos.
- **Área fluvial e recreativa de Teiguín.** Área de lecer situada cerca do casco urbano de Samos, xunto ao río Oribio. Está formada por dúas piscinas, un amplo campo polivalente para xogar, vestiarios e aparcamentos. Ao lado desta área fluvial está a parte recreativa con barbacoa e bancos e mesas de pedra.

- **Mesa dos catro cabaleiros.** Está no Pico dos Catro Cabaleiros, a 1131 metros de altitude, situado entre os concellos de Samos, O Incio, Folgoso do Courel e Pobra de Brollón. Dende el pode observarse o val da Terra de Lemos e a Serra do Courel.

A lenda conta que a orixe do seu nome débese a que neste punto reuníanse os cabaleiros destes catro concellos. Hoxe en día, a tradición mantense e os alcaldes destes municipios reúnen-se nesta cima nunha festa tradicional.

- **A ruta literaria e artística do poeta Fiz Vergara Vilariño.** A ruta é un parque escultórico integrado na paisaxe que recorda ao autor a través dos seus poemas. Comeza en Aira Padrón e remata un pouco máis aló da casa natal do autor.

O poeta, natural de Lóuzara, ten unha obra caracterizada por un marcado carácter social, que foi derivando cara a un maior intimismo. Co paso do tempo, mudou cara a unha poesía paisaxística, amorosa e existencialista.

Ademais é preciso destacar outros elementos paisaxísticos como a Igrexa de Santa María de Montán, a Igrexa de Santiago de Renche, a Igrexa de San Xoán de Lóuzara, a Igrexa de San Cristovo de Lóuzara, a Igrexa de San Martiño do Real, a Igrexa de Santa Eulalia de Pascais, a Igrexa de San Cristovo do Real, o Castro da Moura, o Muíño do Fidalgo, a Casa Pedrelada, a Casa Grande de Lusío, a Ruta da Serra do Édramo, a Senda natural do entorno do Camiño Real e a Ruta fluvial de Samos a Pontenova,

O espléndido entorno natural do concello de Samos, os seus pastos, os seus ríos e o saber facer da xente fan que a gastronomía sexa dunha gran calidade: das hortas dos samonenses saen as legumes e hortalizas; dos ríos troitas e anguías; e dos pastos as carnes. Outros pratos que podemos degustar son a empanada, o caldo, polbo á Feira, as filloas de leite ou as de sangue. Dentro da repostería é preciso destacar os biscoitos de Samos, elaborados cunha receita que saú do Mosteiro fai máis de 250 anos.

Con respecto ás festas, temos que destacar as seguintes:

- Feira de artesanía de Samos. Celébrase o segundo domingo de agosto e conta con exposición de produtos artesás e actividades tradicionais, como a malla de cereal e bailes tradicionais.
- Feira de artesanía de A Ponte de Lóuzara. Celébrase o 17 de agosto e está dedicada ás tradicións perdidas, á artesanía, á gastronomía, aos produtos naturais autóctonos e á música.
- Festa de San Bieito. Celébrase o 11 de xullo.
- Romaría de San Roque. Celébrase o 16 de agosto en Lóuzara.

Por todo isto consideramos que Samos non só debe ser coñecido polo Camiño de Santiago e o seu Mosteiro. Ten unha gran variedade de recursos naturais que explorar e que dar a coñecer aos demais: igrexas, montañas, ríos, rutas, gastronomía, etc. Constitúe polo tanto unha oferta moi variada e rica culturalmente que queremos compartir cos nosos visitantes.